

OS VERBOS SEMIRREGULARES (verbos con alternancia vocálica)

Os verbos con alternancia vocálica (*e-i* ou *u-o*) son algúns verbos da 3ª conxugación que presentan variación unicamente na vogal do lexema/raíz. Estas variacións adoitan afectar fundamentalmente o presente de indicativo.

Modelo 1 (cambian *e* por *i* algúns verbos da 3ª conxugación que teñen *e* como última vogal do lexema/raíz na 2ª e 3ª persoa do singular e na 3ª persoa do plural do presente de indicativo).

| | PEDIR |
|------------------------|---------|
| Presente de indicativo | pido |
| | pides |
| | pide |
| | pedimos |
| | pedides |
| | piden |

Conforme ao modelo 1, conxúganse *adherir, advertir, agredir, competir, concernir, conferir, despedir, diferir, discernir, divertir, dixerir, espelir, espir, expedir, impedir, inferir, inserir, investir, inxerir, medir, pedir, preferir, proferir, reexpedir, referir, reflectir, repetir, revestir, suxerir, transferir, transgredir* e *vestir*.

Modelo 2 (cambian *e* por *i* algúns verbos da 3ª conxugación que teñen *e* como última vogal do lexema/raíz na 1ª persoa do singular do presente de indicativo).

| | SEGUIR |
|------------------------|----------|
| Presente de indicativo | sigo |
| | segues |
| | segue |
| | seguimos |
| | seguides |
| | seguen |

Como o modelo 2, conxúganse *asentir, conseguir, consentir, desmentir, ferir, malferir, mentir, perseguir, proseguir, resentir, seguir* e *sentir*.

Modelo 3 (cambian *u* por *o* algúns verbos da 3ª conxugación que teñen *u* como última vogal do lexema/raíz na 2ª e 3ª persoa do singular e na 3ª persoa do plural do presente de indicativo).

| | DURMIR |
|------------------------|----------|
| Presente de indicativo | durmo |
| | dormes |
| | dorme |
| | durmimos |
| | durmides |
| | dormen |

Segundo o modelo 3, conxúganse *acudir, bulir, consumir, cubrir, cumprir (ser preciso), cuspir, descubrir, deslucir, durmir, encubrir, engulir, fundir, fuxir, lucir, muxir, pulir, recubrir, relucir, ruxir, sacudir, subir, sufrir, sumir, translucir, tusir, ulir, urdir* e *xurdir*.